

CAJA DE RESISTENCIA 1601

Alejandro Alvarado, Concha Barquero, 2024

ESTREA EN NUMAX: 22.09.2025 | V.O. | +12 | 99 min

Tras o seu falecemento, Fernando Ruiz Vergara deixou decenas de bosquejos de filmes que nunca puido realizar. O cineasta andaluz só dirixira un documental, "Rocío", desgarrador e abraiante, maldito tras a súa censura xudicial nos primeiros anos da democracia en España. Desde entón, os seus proxectos permaneceron latentes na imaxinación e no desexo. En "Caja de resistencia" fabúlase con aqueles proxectos soñados para levalos ao cinema do presente, como un xesto de resistencia.

«Un documental desafiante e esperanzador, que ilumina como poucos as sombras da nosa historia recente»

Paula Arantzazu Ruiz, CINEMANÍA



Entrevista con Concha Barquero e Alejandro Alvarado: «Queríamos mostrar as consecuencias reais da censura sobre un home, sobre a súa vida»

Por José Félix Collazos

En 2010 comezastes a investigar a figura de Fernando Ruiz Vergara. *Caja de resistencia* culmina ese proceso? Concha Barquero [CB]: Foi un proceso rizomático que nos levou desde a investigación académica ata a creación cinematográfica. Desde o principio imaxinabamos unha película como Caja de resistencia, pero polo camiño xurdiron outras formas, como *Descartes* (2021), que é unha especie de derivación, unha curtametraxe. Foi un proceso amplo que foi evolucionando. Naturalmente, *Caja de resistencia* culmina a nosa investigación sobre a obra de Ruiz Vergara. Pero o seu traballo púxonos en contacto con moitas ideas que descoñeciamos: o cinema latente, o cinema inacabado, as posibilidades que iso abre, os cinemas de resistencia dos anos setenta...

Vós coñecedes a Fernando en 2010 e el falece en 2011. Na película aparecen imaxes súas moi especiais. Fálase dun cinema de perdedores, pero cando el aparece ingresado na cama con máscara de osíxeno, é cando máis combativo está. Tamén a última vez que aparece na película, coa luz do atardecer, é como unha despedida no ocaso. Son gravacións vosas? Tivestes tempo de filmalo durante o seu último ano de vida? Alejandro Alvarado [AA]: Si. Vímonos varias veces máis durante ese tempo. Nese período estabamos a investigar a película *Rocío* (1980) e o seu caso de censura, dentro do meu doutoramento na Universidade de Málaga. O seu foi un dos meus casos de estudo, xunto aos irmáns Bartolomeu e *El proceso de Burgos* (1979) de Imanol Uribe. No noso primeiro encontro con Fernando levamos unha cámara como ferramenta de traballo. Gravamos a entrevista e filmámolo na súa contorna. Foi un encontro revelador. El acolleunos como fillos adoptivos. Pasamos horas falando, baixo a calor do verán na Beira. De aí naceu unha amizade verdadeira.

E el propúxovos colaborar nalgún proxecto? AA: Si. El quería facer unha película sobre a mina de Panasqueira, "Unha sardinha para três", e pensou en nós para implicarnos. Sempre concibía o cinema como algo colectivo. Así que comezamos a dialogar con el, tanto presencial como virtualmente, sobre como realizalo. Pero faleceu, e entón pensamos: por que non retomar ese proxecto? Ou mesmo outros que tiña gardados no caixón. Como ocorre con moitos cineastas, había moito material latente, pero no seu caso era máis significativo pola devastadora censura que sufriu con *Rocío*, tanto profesional como emocionalmente. Así naceu a semente do que despois foi *Caja de resistencia*. A película parte do arquivo: as nosas gravacións con Fernando, intervencións súas en televisión, entrevistas realizadas por antropólogos... todo forma parte dese gran arquivo que compón a película.

CB: Queríamos estar presentes na película, fisicamente, coas nosas voces, e facer explícita nosa relación con el. Ese compromiso parecíanos esencial. Por iso incluimos tamén as gravacións máis íntimas, persoais. Parecíanos frío limitar a película a un ensaio sobre creación, fracaso ou censura. Queríamos mostrar as consecuencias reais da censura sobre un home, sobre a súa vida. Porque o cinema –e os impulsos que o motivan– nacen de afinidades humanas e persoais.

O filme comeza e termina con imaxes de *Rocío*, hai algo circular, de peche de ciclo... AA: Pechar con *Rocío* parecíanos inevitable. En certo xeito, complementa o que *Descartes* xa apuntaba: é posible completar esa lista de desaparecidos? Poñer nomes? A censura en *Rocío* viraba, precisamente, sobre o nome non dito dun represor.